ASOCIACIÓN VIEIRO

FICHA TÉCNICA

# CAMBIO DE SENTIDO

| CURSO | CAMBIO DE SENTIDO |
| --- | --- |
| **OBXECTIVOS** | • Facilitar información sobre o impacto que a inxestión de alcohol ou outras drogas ten sobre as habilidades ou capacidades para a condución e a conduta.<br>• Incrementar a percepción do risco asociada á condución de vehículos baixo os efectos do alcohol ou outras drogas.<br>• Reforzar a motivación para evitar o uso do vehículo cando se superen as taxas máximas de alcoholemia permitidas.<br>• Promover entre os alumnos das autoescolas alternativas á condución baixo os efectos das drogas. |
| **DESTINATARIOS/AS** | Mozos e mozas en proceso de obter o permiso de condución e as súas autoescolas |
| **METODOLOXÍA** | O/a profesional encargado do desenvolvemento do curso utiliza unha metodoloxía pedagóxica activa tratando de aunar os sistemas clásicos de comunicación baseada na dinámica de grupos e no fomento da participación dos asistentes que trata de ser o máis dinámica posíbel e con apoio de material audiovisual. |

| | |
|---|---|
| | Utilizarase o método de ensino activo, progresivo, de reforzo, en grupo cunha atención e orientación individualizada e estratexias de influenza. |
| **CONTIDOS** | O curso "Cambio de sentido" desenvólvese mediante un traballo pautado, que inclúe os seguintes contidos:<br>- Introdución ao tema da seguridade viaria, o alcohol e outras drogas.<br>- A descrición da situación actual<br>- A ilusión de invulnerabilidade.<br>- Uso-abuso: "Uso racional do alcohol".<br>- Alcohol e condución.<br>- Recomendacións en caso de ter pensado beber alcohol.<br>- Como actuar ante unha intoxicación alcohólica (que facer e que non facer).<br>- Medicamentos, outras drogas e condución. |
| **LUGAR DE CELEBRACIÓN** | Autoescolas |
| **DURACIÓN** | O curso desenvólvese nunha sesión presencial de hora e media de duración |